

PEZA DO MES

outubro

2019



FUSAIOLAS
CASTRO DE SAN CIBRAO DE LAS



VIVENDA 14 DO CASTRO DE SAN CIBRAO DE LAS

Fusaiolas. Castro de San Cibrao de Las

«(...) outras, tomando da cintura o fuso e o nobelo de liño, fiaban despois de quentar as mans (...)»

E. Pardo Bazán. *Os pazos de Ulloa*

As fusaiolas (fusayolas, cossorios, rodinas, murcias, tortera) son pezas de diferentes materiais, de forma máis ou menos circular, aplanadas, cunha perforación central, dun diámetro entre 2-10 cm, decoradas ou non. (Naveiro et Senén, 1987:61; Menéndez et ao., 2011:133).

A palabra fusaiola procede do latín *fusos* (fuso), que en italiano dá *fusaiuolo* (rodela do fuso) e a palabra portuguesa *cossoiro* tamén do latín *girare*, que dá *girella*, que se usa así mesmo coas acepcións de apoio do mastro ou roseta da espora. Estes substantivos son case exclusivamente empregados en Prehistoria.

As fusaiolas coñécense no NO desde o Megalítico, por exemplo na mámoa de San Bieito (Grou, Lobios), na Limia Baixa (Eguileta Franco, 1999:135 e 437), datada cara ao 4.717 ±270 BP (Álvarez, 1993:47); nas mámoas do Marco do Camballón,

Oirós (Sierra Rodríguez, 1981: sen p.), e en Portugal nas das Madorras, Aliviada, Herdade dos Galvões, etc. Fanse máis abundantes en xacementos máis recentes para alcanzar a súa máxima presenza na cultura castrexa e nos castros romanizados.

As dúas pezas que nos ocupan proceden do castro de San Cibrao de Las, do barrio 1 (vivenda 14) e foron exhumadas na escavación de 2003, realizada por Yolanda Álvarez. Son dúas pezas modeladas en arxila e están decoradas. A da dereita, cun diámetro exterior de 2,84 cm, grosor de 1,74 cm, diámetro interior de 0,8 cm e peso de 11,36 gr, leva unha decoración (no anverso) con incisións en forma de liñas diagonais desde o centro cara á periferia. A da esquerda, cun diámetro exterior de 3 cm, grosor de 2,15 cm, diámetro interior de 0,4 cm e peso de 17,6 gr, está decorada (no seu anverso) con incisións en forma de liñas radiais do centro ao exterior e con impresións formando aliñacións radiais de pequenos círculos.

Ambos os obxectos forman parte do fondo (rexistrado) de fusaiolas do Museo Arqueolóxico de Ourense, cifrado en 496, das que 337 proceden de San Cibrao de Las. De áreas próximas, o Museo ten 26 fusaiolas do xacemento de Santomé. Coñecemos do castro de Trelle unha única fusaiola

de arxila, atopada nun fondo de cabana, en superficie, xunto a outros obxectos e abundante cerámica (Rodríguez Gracia, 1978: 323-324). Os materiais usados na fabricación das fusaiolas son cerámica modelada ex professo e anacos de cerámica reempregados e perforados; lousa e xisto, como a maioría das estudadas do castro de Viladonga (Pérez Rozas, 2018:32-51), óso e hasta, como a achada en Cabezo Redondo no SE ibérico-argárico (M aestre et Padilla, 2013: 159) e mesmo chumbo (Pérez Rozas, op. cit.). Moi rara vez en vidro.

A decoración é moi variada e sempre ou case sempre no anverso ou cara superior (por ser a parte visible). A decoración máis empregada son os puntos, as incisións, os círculos concéntricos, os raios, as estrelas, etc. (Naveiro et Senén, op. Cit.). Existen raros exemplares con decoración epigráfica «signo-celtibérica» na Meseta (De Bernardo et al., 2010: 405-426).

A tipoloxía das fusaiolas aínda non está estabilizada, aínda que debemos sinalar os esforzos realizados desde Castro Curel (Cypsela, 1980, 3:127-152) e para o NO por Naveiro et Senén (op. cit.) ata Pérez Rozas (op. cit.).

En canto á súa función, deixaremos aparte as «hipóteses inxenuas» do seu uso como elementos lúdicos ou como moedas, botóns ou fichas (como «fichas de cerámica» se denominan aínda en 1975, ás do Castro de Borneiro. Eiroa: 311-332, lám. 8a). Algunhas puideron ter un uso ornamental, sobre todo as máis pequenas, semellantes ás dos xacementos visigóticos da Meseta, utilizándose como doas de colar (teñen a perforación excéntrica para estabilizalas verticalmente). Outras en realidade poden interpretarse como pesas.

As fusaiolas auténticas están claramente unidas á industria téxtil prehistórica, protohistórica e histórica. A abundancia de fusaiolas indica abundancia da actividade de fiar.

Usábanse na parte inferior do fuso, para obter co seu peso unha rotación regular na fía manual. Así a función da peza era equilibrar o fuso (péndulo), manter a velocidade de rotación e soste-lo fiado.

Desta práctica temos abundante iconografía antiga (urnas hallstáticas, vasos gregos tipo lekytos, áticos, no vaso de Orvieto), así como citas na literatura clásica. Tamén existen reproducións etnográficas de teares verticais das que penden múltiples fusaiolas (Rivas Quintas, 1998:14), así como pinturas nas




FIG. 65.—Telar vertical de pesas. C = Pies derechos. D = Enjulio. G = Lizo. F = Soportes del lizo. E = Separador de la urdimbre.

TOMADO DE ALFARO GINER, C. (1984) TEJIDO Y CESTERÍA EN LA PENÍNSULA IBÉRICA. MADRID :CSIC

que se aprecian fiandeiras co fuso con fusaiolas ou descrições literarias próximas precisas. Hai, así mesmo, que ter en conta os labores artesanais téxtiles reproducidos nos ámbitos da arqueoloxía experimental e da etnoarqueoloxía (Fernández Otero, 2017:112-125).

Xunto ás fusaiolas aparecen nos castros as pesas de tear ou *pondus* (pl. *pondera*), xeralmente de arxila e máis de cando en cando de pedra, que se usan para manter tensa a urda no bastidor do tear. Para colgalos levan perforacións (unha, dúas ou máis cada *pondus*). Coñécense desde o Neolítico ata a actualidade.

A aparición dunha fibra no castro de Santomé, asociada a unha moeda de bronce-prata (un antoniniano da época de Galieno (253-268), así como o seu estudo microscópico, achegaríanos a precisións sobre a industria téxtil antiga asociada ás fusaiolas e os *pondus*.

O estudo das fibras usadas (la e liño especialmente) ocuparanos nun futuro.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o Pazo do Bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao Barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 788 417

O horario de visita:

martes a sábado: 9.00 a 22.00 h ininterrompido

domingo: 9.00 a 15.00 h

luns pechado

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xilgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.30 ás 14.30 h e das 16.00 ás 20.30 h

www.musarqourense.xunta.es

mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense


TEXTO: Vicente Rodríguez Gracia


FOTOGRAFÍA: Fernando del Río

MAQUETA: Araceli Gallego

ISSN: 1579-9956

Museo Arqueolóxico 

 Xacobeo 2021



 XUNTA DE GALICIA